

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 28 DE FEBREIRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se determinan os criterios aplicables ás axudas e subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para primar proxectos de xestión compartida e incentivar procesos de fusión municipal.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, para o fomento da accesibilidade e participación das persoas con discapacidades auditivas e de fala na prestación dos servizos en materia de emerxencias e protección cidadá.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao Acordo entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitaria.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de vacinas do calendario e outras, derivado do Acordo Marco do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, por un importe de oito millóns setenta e dous mil oitocentos vinte euros con setenta e nove céntimos (8.072.820,79 €), e un valor estimado (sen IVE) de nove millóns trescentos catorce mil setecentos noventa e tres euros con vinte e catro céntimos (9.314.793,24€).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, da subministración sucesiva de vacinas conxugadas fronte ao meningococo, por un importe de dous millóns catrocentos trinta mil vinte e sete euros con sesenta céntimos (2.430.027,60 €), e un valor estimado (sen IVE) de cinco millóns seiscentos sete mil setecentos cincuenta e seis euros (5.607.756,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se declara a incidencia supramunicipal do Plan director da acuicultura litoral de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o cumprimento do déficit público por parte da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de execución dos proxectos de tecnoloxías da información en 2012.
- Informe sobre o Rexistro de Enfermidades Raras.

A XUNTA FIXA OS CRITERIOS QUE PRIMARÁN NA REPARTICIÓN DE SUBVENCÍONS AOS CONCELLOS QUE OPTEN POLA XESTIÓN COMPARTIDA

- ***Só por presentarse os concellos fusionados recibirán unha puntuación mínima do 30 por cento durante os primeiros dez anos tras a fusión***
- ***A contía máxima prevista nas convocatorias para as solicitudes conxuntas deberá ser, cando menos, un 15 % superior respecto das presentadas individualmente***

Tal e como se comprometera o vicepresidente da Xunta en varias comparecencias parlamentarias, o Consello desta mañá acordou os criterios aplicables ás axudas e subvencións destinadas ás entidades locais galegas de cara a primar proxectos de xestión compartida e incentivar procesos de fusión municipal.

O actual escenario de crise económica que afecta tamén os concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles. Unha das medidas necesarias é continuar incentivando a xestión compartida de servizos; e para iso é preciso harmonizar as diferentes convocatorias de subvencións do Goberno galego a entidades locais para primar este tipo de xestión e apoiar aqueles que aposten pola fusión.

Deste xeito, o acordo ratificado polo Consello da Xunta establece que todas as convocatorias públicas de axudas e subvencións deberán primar cunha maior puntuación as solicitudes presentadas conxuntamente, sexa por agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar, fronte ás presentadas individualmente.

En concreto, na avaliación das solicitudes presentadas pola agrupación de concellos baixo calquera fórmula -agás a fusión municipal- fíxase un mínimo do 30 por cento da puntuación, determinado do seguinte xeito: un 10 por cento pola mera presentación da solicitude conxunta; outro 10 por cento pola presentación dunha memoria de aforro de custos respecto da prestación de modo individual; e un último 10 por cento que se repartirá atendendo a parámetros como o número de concellos asociados; o número de servizos que se van prestar de forma compartida; ou a repercusión do proxecto, medida a través da cifra de poboación total dos entes participantes ou a poboación destinataria. Pola súa banda, co fin de fomentar os procesos de fusión de municipios, aos concellos que opten por esta iniciativa outorgaráselles a puntuación mínima do 30 por cento pola mera presentación da solicitude por parte da entidade resultante da fusión. Ademais, este criterio deberá manterse durante os dez anos seguintes ao remate do proceso de fusión.

O acordo tamén recolle outros aspectos destacados como a contía máxima prevista nas bases ou convocatorias para as solicitudes conxuntas, que deberá ser superior cando

menos un 15 por cento respecto das presentadas individualmente; así como a subvencionalidade dos proxectos piloto, polo seu carácter singular e excepcional.

Por esta razón, para incentivar estes proxectos piloto de xestión compartida, posibilitarase a concesión directa de subvencións a través da formalización de convenios en atención ás especiais necesidades de interese público vinculadas ao fomento da cooperación e colaboración municipais.

A XUNTA FACILITARÁ O ACCESO AOS SERVIZOS DE EMERXENCIAS ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADES AUDITIVAS E DA FALA

- ***O Consello deu luz verde a un convenio entre a Axencia Galega de Emerxencias e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia con este fin***
- ***Promoveranse actuacións dirixidas á eliminación de barreiras no acceso ao 112 e o fomento da participación activa nas tarefas de protección civil e seguridade cidadá***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun acordo entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para mellorar a accesibilidade das persoas con discapacidades auditivas e da fala aos servizos de emerxencia e protección cidadá.

Mediante este acordo, promoveranse accións conxuntas dirixidas á eliminación de barreiras ás persoas con discapacidades auditivas e da fala no acceso aos servizos de atención ás emerxencias que presta o 112 Galicia, garantindo a súa accesibilidade en condicións de igualdade e normalidade.

Así mesmo, tamén se busca fomentar a participación deste colectivo nas tarefas de protección civil e seguridade cidadá, prestando o seu asesoramento e asistencia na xestión de incidencias ou emerxencias en que se vexan involucradas persoas xordas, xordocegas e con discapacidade de fala.

Para garantir estes obxectivos, a Axega comprométese a facilitar o acceso das persoas xordas ao servizo do CAE 112 Galicia a través de fax, sms e outros elementos avanzados de comunicación que se desenvolvan ou implementen no futuro; e a enviar polos mesmos medios avisos individuais ou a grupos previamente rexistrados de alertas meteorolóxicas, suspensión de clases ou activacións de plans de protección civil.

Ademais, promoverá a formación básica no coñecemento da lingua de signos entre o persoal do CAE 112; habilitará un acceso directo á páxina web www.axega112.org no portal web da FAXPG, que permita coñecer de xeito inmediato toda información relativa a emerxencias e protección cidadá; e promoverá o estudo e investigación de novas solucións que garantan a accesibilidade aos servizos por parte deste colectivo.

Pola súa banda, a FAXPG asesorará o persoal do 112 na xestión de incidencias ou emerxencias cando a persoa incurso nunha situación de risco teña unha discapacidade auditiva e de fala; facilitará o servizo de intérpretes de lingua de signos cando a situación o requira; proporcionará formación básica en lingua de signos ao persoal que presta os seus servizos no 112 e porá á disposición deste os seus servizos de comunicacións e instalacións para dar a máxima difusión entre os asociados das alertas de diversa natureza e que incidan directamente no eido da protección cidadá.

Por último, o acordo aprobado hoxe recolle a colaboración conxunta dos dous organismos na promoción e a realización de campañas de información e sensibilización en materia de protección cidadá e xestión das emerxencias; e sinala que no suposto de emerxencias graves en que se vexan involucradas persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva, a FAXPG facilitará, na medida das súas posibilidades, os seus servizos de intérpretes de lingua de signos, que se integrarán na sala de crise no CAE 112 ou centro de coordinación que se constitúa durante o tempo que se considere necesario.

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia é unha organización non gubernamental sen ánimo de lucro que ten por obxectivo xerar as condicións que, tomando como base a identidade xorda e a súa diversidade, aseguren o desenvolvemento global das persoas xordas de Galicia en condicións de accesibilidade, universal e igualdade de oportunidades.

A XUNTA E O SERGAS ASINAN COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO UNHA ADDENDA AO VIXENTE CONCERTO ENTRE ESTAS INSTITUCIÓNS, CO FIN DE INCORPORAR A FIGURA DO PROFESOR CONTRATADO DOUTOR VINCULADO

- ***Permite incorporar ás prazas asistenciais a figura de profesor contratado doutor vinculado, canto esta vía resulte axeitada para satisfacer os intereses de ambas as institucións***

No marco da planificación asistencial e docente, o concerto entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias, asinado no 2001, recolle a posibilidade de establecer a vinculación de determinadas prazas asistenciais da institución sanitaria con prazas docentes dos corpos de profesores da Universidade.

Con posterioridade ao concerto, a mudanza normativa da Lei xeral de sanidade posibilitou o establecemento de vinculacións das prazas de institucións sanitarias tanto con prazas docentes dos corpos de profesores de universidade como con prazas de profesor contratado doutor.

A addenda, tras o seu tratamento no senjo da Comisión Mixta USC-Sergas, incorpora ao concerto a figura do profesor contratado doutor vinculado, cando esta vía resulte axeitada para satisfacer os intereses de ambas as institucións.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE AFORRARÁ EN DOUS ANOS 1,5 MILLÓNS DE EUROS NA MERCA DE VACINAS

- ***Sanidade inviste 10 millóns de euros na merca de 20 tipos de vacinas para o Programa galego de vacinacións e a do meningococo C***

Tendo en conta a experiencia exitosa no ano anterior en que se obtiveron resultados satisfactorios con importante redución do orzamento na adquisición de vacinas de gripe, así como que o proceso permite garantir os parámetros lóxicos e de funcionamento do Programa galego de vacinacións, a Consellería de Sanidade decidiu adherirse ás propostas de acordo marco do Ministerio para a selección de vacinas de calendario, co obxectivo de tentar acadar un aforro substancial dos custes asociados á súa adquisición e contribuír, deste xeito, ao obxectivo de estabilidade orzamentaria e control de gasto.

En consecuencia, o Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de aprobar dous acordos polos que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de 20 tipos de vacinas para usar no Programa galego de vacinacións, pola cantidade de 7,7 millóns de euros e a contratación da subministración sucesiva de vacinas conxugadas fronte ao meningococo C, por 2,3 millóns de euros, o que fai un investimento total de máis de algo máis de 10 millóns de euros.

Aforro e prevención

A Consellería de Sanidade está a facer unha forte aposta pola prevención. Este acordo vai permitir un aforro de 1,5 millóns de euros nos anos 2013 e 2014. Dito aforro posibilitará, a partir de setembro do presente ano, rebaixar a idade de vacinación da primeira dose da tripla vírica dos 15 aos 12 meses.

Ademais, permitirá vacinar cunha dose de reforzo de meningococo C a todos os nenos e nenas nados entre 2000 e 2005 que non recibiran unha dose no segundo ano de vida, segundo vaian cumprindo os 12 anos.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA A INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DO PLAN DIRECTOR DE ACUICULTURA LITORAL DE GALICIA

- ***Este trámite dá paso á fase final de tramitación do plan de cara á súa aprobación definitiva e supón un paso máis na achega de seguridade xurídica e administrativa para o desenvolvemento da acuicultura en Galicia***
- ***A través do plan búscase definir un modelo de xestión dinámica que permita avaliar a idoneidade das localizacións conforme os requirimentos biolóxicos das especies que se van cultivar, a mellor tecnoloxía dispoñible e os indicadores de sustentabilidade ambiental, e todo iso integrado nos instrumentos de planificación territorial de orde superior: as DOT e o POL***

O Consello da Xunta declarou a incidencia supramunicipal do Plan director de acuicultura litoral de Galicia. Esta declaración dá paso á fase final de tramitación do plan de cara á súa aprobación definitiva. Deste xeito, dáse un paso máis na achega de seguridade xurídica e administrativa para o desenvolvemento desta actividade en Galicia. O obxectivo do plan é impulsar esta actividade na nosa Comunidade de maneira que conserve e afiance o seu lugar punteiro, xestionando dinamicamente e de xeito sustentable a acuicultura en terra no litoral galego e seguindo as directrices que marca a Unión Europea neste eido.

Os plans sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto regular a implantación territorial das infraestruturas de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal en que se sitúen pola súa magnitude ou especiais características, ou que se asenten sobre varios termos.

Esta declaración de incidencia supramunicipal realízase atendendo ás Directrices de ordenación do territorio, que prevén a aprobación dun Plan sectorial de acuicultura en terra, e ao Plan de ordenación do litoral, que prevé expresamente o desenvolvemento das súas determinacións mediante plans e proxectos sectoriais de interese supramunicipal. Deste xeito, o plan articula unha estratexia de protección ambiental compatible co desenvolvemento social e económico para o desenvolvemento dunha acuicultura baseada en criterios de coherencia territorial, sustentabilidade ambiental e integración paisaxística. Tras esta declaración de incidencia supramunicipal, o Plan director de acuicultura de litoral someterase a trámite de información pública e consultas.

Modelo de xestión dinámica

A través do Plan director de acuicultura de litoral búscase definir un modelo de xestión dinámica que permita avaliar a idoneidade das localizacións conforme os requirimentos biolóxicos das especies que se van cultivar, a mellor tecnoloxía dispoñible e os indicadores de sustentabilidade ambiental identificados.

De feito, o procedemento para a tramitación dunha planta acuícola parte dunha declaración previa de idoneidade solicitada polo promotor e que levará a cabo a Comisión Interadministrativa da Acuicultura avaliando a adecuación do proxecto aos postulados do Plan e atendendo especialmente aos instrumentos de planificación territorial e aos criterios de integración paisaxística e ambiental.

O PDAL busca tamén axilizar o procedemento de outorgamento do permiso de actividade para instalacións en terra, xa que o éxito do proxecto virá predeterminado antes da tramitación completa do procedemento, permitindo ao promotor unha avaliación previa e, unha vez superada esta fase, mediante unha serie de ferramentas administrativas, procurarase un alto grao de coordinación para reducir ao máximo os tempos de tramitación dos expedientes.

Cabe lembrar que na actualidade -desde febreiro de 2012- é posible a tramitación de plantas acuícolas nas zonas de menor protección ambiental, niveis 1 e 2, que requiren unha tramitación administrativa máis simple.

GALICIA CUMPRIU O OBOXECTIVO DE ESTABILIDADE NO ANO 2012, CUN DÉFICIT CINCO DÉCIMAS INFERIOR Á MEDIA

- ***A comunidade galega pechou o ano cun déficit público do 1,19%, fronte ao 1,73% do conxunto das autonomías***
- ***A comunidade achega de novo solvencia a España e a Xunta reafirma o seu absoluto compromiso coa estabilidade orzamentaria***

Galicia pechou o ano 2012 cun déficit público do 1,19%, o que confirma que a comunidade autónoma cumpriu o obxectivo de estabilidade do 1,5% establecido polo Goberno central, segundo os datos feitos públicos hoxe polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

Ademais, Galicia volveu situarse entre as comunidades que amosan un mellor comportamento durante o pasado ano, pois o déficit público da Comunidade galega é máis de cinco décimas inferior á media de déficit das autonomías, que se situou no 1,73%.

En concreto, a Comunidade galega logrou rebaixar en 2012 o seu déficit público en máis de catro décimas respecto a 2011. Así, consolídase como a comunidade de referencia en estabilidade orzamentaria nos últimos anos, xa que cumpriu os obxectivos de déficit en 2009 e en 2010, foi unha das comunidades con mellor comportamento en 2011 e volve cumprir en 2012.

Neste sentido, Galicia achega un exercicio máis solvencia ao conxunto de España. A Xunta de Galicia reafirma de novo o seu absoluto compromiso coa estabilidade orzamentaria, tal e como fixo durante toda a anterior lexislatura, como un medio indispensable para poder equilibrar as súas contas, poder seguir atendendo os seus compromisos de pagamento e manter a autonomía financeira da comunidade.

Grazas á política levada a cabo polo Executivo autonómico ao longo dos últimos catro anos, Galicia é hoxe unha comunidade solvente, fiable e que garante os servizos públicos. Por iso, non precisou en 2012 acollerse a ningún mecanismo de axuda do Estado para as comunidades autónomas e tampouco acudirá este ano ao Fondo de Liquidez Autonómica (FLA), previsto para aquelas comunidades que non se poden financiar no mercado.

AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN EVITARON AOS GALEGOS ADIANTAR 7,7 MILLÓNS DE EUROS NA FARMACIA DURANTE O ÚLTIMO SEMESTRE DO 2012

- *Grazas á implantación da receita electrónica, como parte do alto grao de desenvolvemento tecnolóxico do Sergas*
- *Actualmente o 96,7% da prescrición e o 100% da dispensación xa se fai en formato electrónico*
- *As TIC xestionaron en 2012 tres millóns de citas en centros de saúde sen necesidade da intervención do persoal administrativo*
- *Ademais, permitiu reducir en 3 millóns o número de consultas administrativas desde 2009*
- *Isto posibilita un incremento do tempo de que dispoñen os facultativos para atender os pacientes*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe baixo a presidencia de Alberto Núñez Feijoo abordou un informe da Consellería de Sanidade referido á execución dos proxectos de tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no ano 2012.

O informe destaca a importancia das TIC como instrumento de eficiencia e mellora do sistema sanitario galego, que o fai un referente no conxunto das comunidades autónomas. A este respecto sinala que, pese á situación orzamentaria actual produto da crise, coa conseguinte redución nos orzamentos, o Servizo Galego de Saúde conseguiu levar a cabo novos proxectos e manter o ritmo de execución dos existentes.

Neste eido, a receita electrónica está despregada en todo o territorio galego, no cal o 100% da dispensación xa se fai vía electrónica, mentres que a prescrición acadou xa o 96,7%. Con ela os galegos evitaron ter que adiantar 7,7 millóns de euros nas farmacias, xa que o sistema detecta cando o usuario chega ao seu límite de achega á prestación farmacéutica para que non teña que poñer máis do que lle corresponde.

Máis eficiencia en beneficio do paciente

As TIC supoñen unha notable mellora na eficiencia en todos os ámbitos do sistema. Así, o informe recolle que desde o ano 2009 logrou diminuír en 3 millóns o número de consultas administrativas nos centros de saúde. Así mesmo, reduciu en 2,5 millóns as citas totais (pasaron de 26,7 millóns a 24,2), o que supón unha mellora significativa para os pacientes, que para recoller receitas xa non se teñen que desprazar ao centro de saúde, e para os facultativos, que ven incrementado o tempo de que dispoñen para atender os pacientes.

A forte implantación destas tecnoloxías no Sergas implicou melloras na relación telemática cos cidadáns. Neste ámbito sitúase o teléfono único do Sergas, que ampliou

os servizos ofertados aos usuarios e que lles aforrou 2,9 millóns de euros en sete meses.

No eido telemático destaca que o ano pasado solicitaron 3 millóns de citas directamente os usuarios, sen necesidade de interacción co persoal administrativo. Delas, máis do 80%, é dicir, 2,45 millóns, foron realizadas a través da internet.

Segundo recolle o informe, as TIC xeraron igualmente aforros directos, entre os cales destaca o dato da dixitalización da imaxe médica. Isto supuxo un aforro de preto de 2,9 millóns de euros no pasado ano en impresión de película radiolóxica.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE TRABALLA NA CREACIÓN DO REXISTRO GALEGO DE ENFERMIDADES RARAS

- ***O obxectivo é mellorar a información sobre este tipo de enfermidades, así como os recursos dispoñibles para a súa atención***
- ***Sanidade garante a accesibilidade e a equidade dos medicamentos orfos necesarios para o tratamento e fomenta o acceso seguro a terapias avanzadas***
- ***A creación deste rexistro permitirá promover a transferencia de resultados de investigación á práctica clínica, ao diagnóstico e ao desenvolvemento de novas alternativas terapéuticas***
- ***Segundo os cálculos, en Galicia afectaría unhas 180.000 persoas***

A Consellería de Sanidade informou hoxe, Día Mundial das Enfermidades Raras, de que o Servizo Galego de Saúde está a traballar na creación do Rexistro Galego de Enfermidades Raras.

O obxectivo é mellorar a información sobre este tipo de enfermidades, así como os recursos dispoñibles para a súa atención e poder dar resposta ás necesidades dos pacientes, profesionais sanitarios, investigadores, responsables das administracións sanitarias e de servizos sociais.

Os datos inscritos no Rexistro Galego enviaranse ao E e posteriormente ao Rexistro Europeo, compartindo así toda a información existente.

Mellorar o diagnóstico e a detección precoz

Galicia conta coa Fundación Xenómica, cunha ampla experiencia para garantir resultados de calidade e que permite facilitar e axilizar o acceso ás persoas afectadas por estas doenzas a servizos especializados, e así mellorar o diagnóstico e a detección precoz.

Outro dos obxectivos é proporcionar atención integral continuada e coordinada entre os diferentes niveis asistenciais para prestar uns coidados integrais e de calidade a estes pacientes. Desta forma, fomentárase a constitución de unidades de referencia e a figura dos profesionais de referencia.

Ademais, promoverase o acceso a servizos de atención temperá e rehabilitación de maneira continuada para manter e mellorar a autonomía persoal, así como unha mellor calidade de vida.

A Consellería de Sanidade garante tamén a accesibilidade e a equidade dos medicamentos orfos necesarios para o tratamento e fomenta o acceso seguro das persoas afectadas por estas enfermidades a terapias avanzadas, incentivando a investigación, o desenvolvemento e a autorización destes produtos.

Tamén se mellorará a atención sociosanitaria proporcionando un sistema integral de cuidados e unha continuidade asistencial ás persoas afectadas, segundo recolle o Plan marco de atención sociosanitaria.

Doutra banda, a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas) continuará a desenvolver actividades de formación continuada relacionadas con este tipo de doenzas tendo en conta as necesidades poboacionais, institucionais e individuais.

Ademais, a Escola Galega de Saúde para Cidadáns seguirá a impulsar a formación das familias das persoas con enfermidades raras, dos cuidadores principais e do voluntariado, así como de asociacións de pacientes.

6.000 enfermidades raras

As enfermidades raras son doenzas de baixa incidencia na poboación e que afectan a menos de 5 de cada 10.000 habitantes. En total existen 6.000 enfermidades raras que afectan o 7% da poboación mundial.

En España son máis de 3 millóns de persoas as que padecen este tipo de doenzas pouco frecuentes e calcúlase que en Galicia afectaría unhas 180.000 persoas.